



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Outubro 2023**

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2023


Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Outubro 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en outubro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 1,8%, menos que no conxunto de España, 4,5%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 0,2% mentres que no Resto de produtos medran un 7,9%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 4,6% en Galicia no mes de outubro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 7,4%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,7% en Galicia e do 1,5% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en once comunidades autónomas.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Outubro 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
<b>Xeral</b>	105,6	1,8	3,5
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	105,0	3,3	4,8
<b>Alimentación</b>	92,3	-0,2	0,0
<b>Resto</b>	117,8	7,9	10,8



## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 1,8% en Galicia en outubro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 4,5% no conxunto de España.


O índice xeral sen estacións de servizo medra un 3,3% en Galicia e un 6,0% en España respecto a outubro de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe a facturación en Galicia un 0,2%, mentres que aumenta un 1,2% no conxunto de España.
- O Resto de produtos crece un 7,9% en Galicia e un 11,9% no conxunto do Estado.

Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta un 3,5% en Galicia e un 6,5% en España. Mantéñense as vendas en Alimentación, 0,0%, en Galicia e medran en España (1,3%); no Resto de produtos aumentan un 10,8% en Galicia e 15,7% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,0%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (8,8%), Madrid (5,9%) e Comunitat Valenciana (5,8%). Os menores crecementos rexístranse en Galicia (1,8%), Navarra (1,9%) e Castilla y León (1,9%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Outubro 2023

#### Taxas de variación en %



No que vai do ano, as taxas máis altas rexístranse en Illes Balears (11,1%) e Madrid (9,1%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (2,1%), Murcia (2,7%) e Navarra (2,8%).

## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 4,6% en Galicia no mes de outubro de 2023, e un 7,4% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 6,6% en Galicia e do 9,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un

9,2% e no Resto de produtos un 4,7%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 10,4% das vendas en Alimentación e do 8,2% no Resto de produtos.

Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2023				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
<b>Xeral</b>	131,7	4,6	6,2	
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	129,7	6,6	8,6	
<b>Alimentación</b>	126,6	9,2	11,8	
<b>Resto</b>	131,4	4,7	6,2	

No acumulado do ano, o índice xeral aumenta un 6,2% en Galicia e un 9,3% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 11,8% en Galicia e un 13,3% en España. No Resto de produtos aumenta a facturación un 6,2% en Galicia e un 10,3% en España.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,7% no mes de outubro en Galicia e do 1,5% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,1% en Galicia e un 1,7% en España.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en outubro en once comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (3,2%) e Comunitat Valenciana (2,9%). A comunidade onde máis diminúe o persoal ocupado é La Rioja (-2,0%).

Nos dez primeiros meses do ano, os maiores incrementos preséntanse en Illes Balears (4,6%), Canarias (3,3%) e Comunitat Valenciana (3,1%) mentres que Asturias rexistra o maior descenso, -1,5%.

## Índice xeral de ocupación. Outubro 2023

### Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Outubro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	131,7	4,6	6,2	105,6	1,8	3,5
Xeral sen estacións de servizo	129,7	6,6	8,6	105,0	3,3	4,8
Alimentación	126,6	9,2	11,8	92,3	-0,2	0,0
Resto	131,4	4,7	6,2	117,8	7,9	10,8
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	135,8	7,4	9,3	109,2	4,5	6,5
Xeral sen estacións de servizo	133,9	9,2	11,6	109,1	6,0	7,8
Alimentación	140,3	10,4	13,3	102,2	1,2	1,3
Resto	129,0	8,2	10,3	117,9	11,9	15,7

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Outubro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	134,2	5,0	6,1	108,2	2,0	3,4
Xeral sen estacións de servizo	133,9	7,2	8,6	108,6	3,6	4,6
Alimentación	130,3	10,1	11,9	94,8	0,5	0,0
Resto	135,6	4,6	6,0	122,6	7,6	10,5
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	138,7	8,2	9,3	111,9	5,0	6,4
Xeral sen estacións de servizo	137,6	10,0	11,5	112,0	6,5	7,6
Alimentación	140,0	9,8	13,0	102,3	0,9	1,2
Resto	134,1	8,9	10,1	123,4	12,5	15,3

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Outubro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>135,8</b>	<b>7,4</b>	<b>9,3</b>	<b>109,2</b>	<b>4,5</b>	<b>6,5</b>
Andalucía	132,8	8,1	9,3	106,6	4,6	6,1
Aragón	128,9	4,7	5,4	103,8	2,8	3,4
Asturias	121,2	6,5	7,6	98,8	4,4	5,1
Balears, Illes	155,3	12,4	13,9	125,3	8,8	11,1
Canarias	130,2	9,4	12,7	104,3	4,7	7,9
Cantabria	128,9	8,3	8,6	102,6	4,6	5,2
Castilla y León	123,7	4,4	4,6	98,0	1,9	2,1
Castilla-La Mancha	134,9	7,4	8,4	105,9	4,7	5,8
Cataluña	126,6	6,9	9,7	101,4	4,2	7,2
Comunitat Valenciana	137,4	8,7	10,4	112,0	5,8	8,1
Extremadura	119,4	5,3	6,7	96,0	2,2	3,7
<b>GALICIA</b>	<b>131,7</b>	<b>4,6</b>	<b>6,2</b>	<b>105,6</b>	<b>1,8</b>	<b>3,5</b>
Madrid	163,9	8,7	11,9	133,4	5,9	9,1
Murcia, Región de	128,9	5,0	6,0	104,2	2,0	2,7
Navarra	130,1	4,2	5,5	102,8	1,9	2,8
País Vasco	126,6	6,2	7,1	101,3	3,3	4,2
Rioja, La	131,2	4,9	7,6	105,9	2,9	5,6
Ceuta	98,3	6,4	10,8	79,0	2,1	6,0
Melilla	91,8	8,8	7,7	72,7	4,7	2,6

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Outubro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	106,6	0,7	1,1
Xeral sen estacións de servizo	106,1	0,6	1,1
<b>España</b>			
Xeral	106,8	1,5	1,7
Xeral sen estacións de servizo	106,7	1,5	1,7

Fonte:INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.  
Outubro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>106,8</b>	<b>1,5</b>	<b>1,7</b>
Andalucía	104,0	1,2	1,3
Aragón	106,6	1,4	0,9
Asturias	101,6	-0,4	-1,5
Baleares, Illes	118,5	3,2	4,6
Canarias	108,8	2,7	3,3
Cantabria	104,2	0,0	0,5
Castilla y León	106,8	1,8	1,2
Castilla-La Mancha	105,7	1,7	1,9
Cataluña	104,1	0,7	2,5
Comunitat Valenciana	113,6	2,9	3,1
Extremadura	105,7	0,0	2,0
<b>GALICIA</b>	<b>106,6</b>	<b>0,7</b>	<b>1,1</b>
Madrid	108,4	2,7	1,0
Murcia	103,0	0,1	-0,1
Navarra	103,7	-0,2	0,0
País Vasco	107,1	0,0	1,6
Rioja, La	106,2	-2,0	0,0
Ceuta	99,0	-1,5	-1,1
Melilla	101,6	0,7	1,0

Fonte: INE